

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 25 de novembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, relativas ao Plan de transición a unha mobilidade eficiente, así como a selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á convocatoria para a anualidade 2022 (códigos de procedemento IN421T e IN421U).

O cambio climático asociado ao rápido aumento da temperatura do planeta en relación cos niveis preindustriais constitúe o maior reto ambiental e socioeconómico a que se enfrontan os países a unha escala global, o que foi reflectido no Acordo adoptado internacionalmente en París, en decembro de 2015, e asinado por 195 países.

Para facer fronte á senda crecente de emisións de gases de efecto invernadoiro deben adoptarse medidas destinadas a reducir o consumo de combustibles fósiles. Actuar sobre o sector transporte resulta prioritario xa que representa o 31 % do consumo de enerxía final de Galicia. Deste consumo o sector do transporte por estrada representa da orde do 80 % cunha dependencia dos derivados do petróleo do 95 %. Galicia, ademais, presenta un dos parques de automóbiles máis envellecidos de España, cunha antigüidade de 14 anos.

O presente programa de incentivos á adquisición de vehículos cara a unha mobilidade eficiente ten como obxectivo dar difusión e poñer en valor os principais instrumentos de que dispón o consumidor para seleccionar un vehículo eficiente enerxeticamente e respectuoso co medio natural, singularmente discriminando os vehículos en función da súa clasificación enerxética e do seu nivel de emisións de CO₂ á atmosfera.

A substitución de vehículos de certa antigüidade por vehículos novos eficientes e a adquisición de vehículos de baixas emisións permite a mellora da eficiencia enerxética no sector do transporte e da calidade do aire nas cidades, así como a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro.

O Inega constitúese en Axencia polo Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a consellería competente en materia de enerxía, conforme o establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo, de creación do Instituto Enerxético de Galicia (DOG núm. 61, do 30 de marzo).



Como un dos órganos encargados de desenvolver a política enerxética da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, o Inega considera de máximo interese potenciar as actuacións de mellora do aforro e a eficiencia enerxética, as enerxías renovables e a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores en Galicia.

Esta convocatoria de axudas financiarase con cargo aos orzamentos do Inega para o ano 2022 e o importe total asignado a esta convocatoria ascende a 2.500.000,00 €.

Neste contexto danse as condicións para que o Inega xestione e tramite a presente liña de subvencións, co obxectivo de fomentar o aforro e eficiencia enerxética e a protección do medio natural a través da utilización de vehículos máis eficientes enerxeticamente.

Por todo o anterior, en virtude do disposto no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 16 do Decreto 142/2016, do 22 de setembro, polo que se modifican as normas reguladoras do Instituto Enerxético de Galicia e se aproban os estatutos da Axencia Instituto Enerxético de Galicia,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, relativas ao Plan de transición a unha mobilidade eficiente (IN421U), así como para a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión (IN421T), recollidas como anexo I desta resolución, e proceder á convocatoria para a anualidade 2022.

2. Seleccionar, en réxime de concorrencia non competitiva, as entidades colaboradoras que participarán na súa xestión (anexos II e III).

3. Aprobar os formularios para a xestión da convocatoria do ano 2022 que se xuntan a esta resolución como anexos IV a VII.

4. Publicar o convenio de colaboración para as axudas do Plan de transición a unha mobilidade eficiente, ao cal deben adherirse as entidades colaboradoras (anexo III).

5. Convocar para o ano 2022, en réxime de concorrencia non competitiva, segundo a excepción recollida no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións destinadas á adquisición de vehículos de transición a unha mobilidade



eficiente. As solicitudes de axuda presentaranse no prazo e cos requisitos establecidos nas bases reguladoras e nesta resolución de convocatoria, e resolveranse por orde de entrada no rexistro da solicitude ata o esgotamento do crédito, do que se fará publicidade na aplicación informática que se utiliza na xestión das axudas.

Xustifícase a excepcionalidade porque nestes casos non é necesaria a comparación de proxectos entre si, polo interese especial en promover actuacións que fomenten o aforro e a eficiencia enerxética, cumprindo os requisitos especificados nas presentes bases. Así mesmo, a concorrencia non competitiva é o mecanismo que permite que as actuacións subvencionables poidan ser atendidas en todo momento, ao manterse a posibilidade de solicitude aberta de maneira continuada.

Artigo 2. *Financiamento*

1. As subvencións que se concedan financiaranse con cargo aos orzamentos do Inega para o exercicio 2022. O importe total asignado a esta convocatoria ascende a 2.500.000,00 euros.

Tipo de beneficiario	Aplicación orzamentaria	Orzamento (€)
Persoas físicas	06.A3.733A.780.4	2.100.000,00
Autónomos ou empresas	06.A3.733A.772.2	400.000,00
Total		2.500.000,00

O crédito máximo recollido na táboa anterior poderá ser redistribuído se, pasado un mes desde a apertura do prazo de solicitudes nalgunha das epígrafes, non se rexistran solicitudes suficientes para esgotar os fondos dispoñibles e noutra das epígrafes existe listaxe de espera.

2. O importe dos fondos previstos entenderase máximo, se ben cabería a posibilidade de ampliar o crédito como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria derivada dalgunha das circunstancias previstas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, se for o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda. Isto podería dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación das solicitudes que resulte da aplicación dos criterios fixados nas bases que rexen a convocatoria.

De producirse a ampliación de crédito, publicarase no DOG e na páxina web do Inega (www.inega.gal), sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo para resolver.



3. A presente convocatoria tramitarase polo procedemento anticipado de gasto. O outorgamento das subvencións queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

Artigo 3. *Vixencia do plan*

O plan inicia a súa vixencia a partir do día seguinte hábil ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e finalizará o 30 de setembro de 2022 ou ata que se esgoten os fondos.

Artigo 4. *Forma e prazo para presentar as solicitudes*

1. As solicitudes de adhesión serán presentadas pola entidade colaboradora interesada segundo o formulario normalizado do anexo II desta resolución, xunto coa documentación que se indica nas bases reguladoras.

2. As solicitudes de axudas serán presentadas polas entidades colaboradoras segundo o modelo formulario normalizado do anexo IV desta resolución, xunto coa documentación que se indica nas bases reguladoras.

3. As solicitudes deberán presentarse exclusivamente por vía electrónica a través do formulario normalizado accesible desde a sede electrónica da xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), ou ben desde a páxina web do Inega (<http://www.inega.gal>) de acordo co establecido no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

No ámbito do sector público autonómico estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo os traballadores autónomos e traballadoras autónomas para os trámites e actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional, como dispón o artigo 10.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

Se a entidade colaboradora presenta a solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

4. O prazo de presentación de solicitudes de adhesión das entidades colaboradoras comezará a partir do primeiro día hábil seguinte ao da publicación no DOG da presente resolución e rematará o 15 de setembro de 2022, e para solicitar a súa adhesión a entidade colaboradora terá que cubrir e confirmar o formulario de adhesión (anexo II).



5. O prazo de presentación de solicitudes de axuda comezará o 17 de xaneiro de 2022 ás 9.00 horas e rematará o 30 de setembro de 2022 ou cando se esgoten os fondos.

Disposición adicional primeira. *Réxime de recursos*

Contra esta resolución, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente, poderán interpor recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, perante o presidente da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Disposición adicional segunda. *Actos de resolución*

A directora do Inega poderá ditar os actos necesarios para asegurar a correcta execución desta convocatoria.

Disposición derradeira única

Esta resolución será aplicable desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2021

Paula María Uría Traba
Directora da Axencia Instituto Enerxético de Galicia

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, relativas ao Plan de transición a unha mobilidade eficiente, así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e convocatoria para a anualidade 2022 (IN421T, IN421U)

Artigo 1. *Obxecto*

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión de subvencións para a adquisición no ano 2022 de vehículos de transición a unha mobilidade eficiente por parte de persoas físicas e empresas que cumpran cos requisitos e condicións establecidos no articulado desta resolución.



Artigo 2. *Requisitos e regras xerais*

1. Cando se trate de axudas en que as persoas beneficiarias sexan autónomos, empresas, ou outras entidades que emprendan actividades económicas que repercutan en terceiros, están suxeitas ás condicións que se establecen no réxime de axudas *de minimis*, establecido no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo a aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*, no Regulamento (UE) nº 1408/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola e no Regulamento (UE) núm. 717/2014 da Comisión, do 27 de xullo de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura.

2. Poderán obter dereito á subvención todas aquelas actuacións recollidas no artigo 3 destas bases reguladoras que se executen dentro do territorio da Comunidade Autónoma, despois da tramitación da solicitude prevista no artigo 10 destas bases reguladoras, nas cales a adquisición do vehículo se realice entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2022, e cumpran cos demais requisitos exixidos na mesma. Os trámites que se realicen entre as partes con anterioridade á presentación da solicitude non garanten a dispoñibilidade de financiamento por parte do Inega para a concesión da subvención.

3. As actuacións axustaranse ás especificacións indicadas nas presentes bases e á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) en materia de enerxía.

4. Que o solicitante non fose sancionado pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación pola comisión de infraccións en materia de subvencións no prazo de un ano, se a infracción foi cualificada como leve, de dous anos se a infracción foi cualificada como grave, ou tres anos se a infracción foi cualificada como moi grave. Os prazos computaranse desde a data de remate do prazo de presentación das solicitudes.

Artigo 3. *Actuacións que se subvencionan*

1. Será subvencionable a adquisición de vehículos novos cun custo inferior ou igual a 40.000,00 € (impostos incluídos) que cumpran os seguintes requisitos:

a) Vehículos M1 (turismos) cun valor de emisións iguais ou inferiores a 135 g CO₂/km.



b) N1 (furgonetas) cun valor de emisións inferiores ou iguais a 120 g CO₂/km no caso de vehículos con MTMA < 2.500 kg ou cunhas emisións inferiores ou iguais a 185 g CO₂/km no caso de vehículos con MTMA ≥ 2.500 kg.

Unha persoa física só poderá adquirir un único vehículo M1 ou N1. Un autónomo ou empresa só poderá adquirir un máximo de dez vehículos.

2. Para os efectos destas bases establécense as seguintes categorías de proxectos en función do vehículo adquirido:

Categoría proxecto	Vehículo novo adquirido
Tipo 1	Turismos (M1) con emisións iguais ou inferiores a 120 g CO ₂ /km
Tipo 2	Turismos (M1) con emisións iguais ou inferiores a 135 g CO ₂ /km
Tipo 3	Furgonetas (N1) con emisións iguais ou inferiores a 120 g CO ₂ /km no caso de vehículos con MTMA < 2.500 kg ou cunhas emisións inferiores ou iguais a 185 g CO ₂ /km no caso de vehículos con MTMA ≥ 2.500 kg

Para verificar o cumprimento destes requisitos, terase en conta a información dispoñible na Base de Datos de Vehículos dispoñible na páxina web do IDAE e, no caso de non estar dispoñible a dita información ou ser contraditoria, terase en conta a documentación acreditativa do fabricante. En fase de xustificación, en caso de controversia prevalecerá a información que figure na tarxeta de inspección técnica do vehículo adquirido. Defínese:

– Turismos M1: vehículos de motor con ao menos catro rodas deseñados e fabricados para o transporte de pasaxeiros, que teñan, ademais do asento do condutor, oito prazas como máximo.

– Furgonetas ou camiós lixeiros N1: vehículos de motor concibidos e fabricados principalmente para o transporte de mercadorías e cuxa masa máxima en carga tecnicamente admisible (MTMA) non supere as 3,5 toneladas.

– MTMA refírese á masa técnica máxima admisible definida segundo a normativa vixente.

3. Para acceder á subvención será requisito imprescindible que o adquirente titular do vehículo subvencionable acredite a baixa definitiva en circulación dun vehículo que se vaia desmantelar no Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico, mediante a presentación do correspondente certificado acreditativo da baixa definitiva do vehículo. O vehículo



que se vaia desmantelar deberá ser, indistintamente, de categoría M1 ou N1, estar matriculado en España e ter unha antigüidade, contada desde a data da súa primeira matriculación e ata a do día en que se fai a solicitude da axuda, de polo menos dez anos no caso de vehículos M1 ou de cinco anos no caso de vehículos N1. Adicionalmente, o vehículo que se vaia desmatelar deberá estar ao día no pagamento do imposto sobre vehículos de tracción mecánica e o adquirente titular do vehículo susceptible de axuda, o cónxuxe ou un familiar de primeiro grao (por consanguinidade ou afinidade) deberá ter a titularidade do vehículo desmantelado, como mínimo, desde o día anterior á publicación da presente convocatoria.

4. As solicitudes presentaranse a través dos concesionarios de automóbiles que actuarán como entidades colaboradoras.

Artigo 4. *Incompatibilidade das subvencións*

1. As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria serán incompatibles con outras axudas, subvencións ou recursos destinados á mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2. O incumprimento do disposto neste artigo considerárase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión nos termos previstos no artigo 21 desta convocatoria.

Artigo 5. *Información aos interesados*

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional a través dos seguintes medios:

1. Na páxina web do Inega (www.inega.gal) e no correo electrónico inega.info@xunta.gal
2. No teléfono 981 54 15 00.

Artigo 6. *Procedemento de adhesión de entidades colaboradoras (código de procedemento IN421T)*

1. Requisitos, condicións e solvencia.

a) Poderán ser entidades colaboradoras os concesionarios ou puntos de venda cuxa epígrafe da sección primeira das tarifas do imposto sobre actividades económicas, aproba-



do polo Real decreto lexislativo 1175/1990, do 28 de setembro, sexa 615.1 (comercio por xunto de vehículos, motocicletas, bicicletas e os seus accesorios), ou 654.1 (comercio a retalho de vehículos terrestres).

As entidades colaboradoras teñen que ter o domicilio social ou algún centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) As entidades colaboradoras actuarán en nome e por conta do órgano concedente para todos os efectos relacionados coa subvención, colaborando na xestión desta.

c) Na súa relación co Inega, as entidades colaboradoras realizarán as seguintes funcións:

1º. Comprobación inicial dos requisitos dos solicitantes da axuda e do conxunto da actuación.

2º. Realización ante o Inega dos trámites para solicitar a axuda.

3º. Desenvolvemento das accións vinculadas á convocatoria.

4º. Xustificación da axuda ante o Inega.

5º. Desconto directo da axuda na factura de compra do vehículo de xeito que o beneficiario non chegue a realizar o desembolso.

d) Para lograr a solvencia técnica e económica, as entidades colaboradoras deberán dispor dos medios tecnolóxicos precisos que garantan o acceso á aplicación informática habilitada para a xestión de selección de entidades colaboradoras e para a tramitación das solicitudes de axuda, así como a utilización de medios electrónicos nas comunicacións entre as entidades colaboradoras e o Inega. As características técnicas exhibibles poderán consultarse na páxina web do Inega (www.inega.gal).

e) Poderán adquirir a condición de entidade colaboradora aquelas entidades que reúnan os requisitos establecidos neste artigo e que o soliciten no prazo establecido no artigo 4 da resolución de convocatoria.

f) De conformidade coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades colaboradoras deberán formalizar o convenio de colaboración entre elas e o Inega, no cal se regularán as condicións e obrigas asumidas por aquelas, cuxo modelo figura no



anexo III destas bases. O dito convenio posuirá o contido mínimo previsto no artigo 13 da Lei de subvencións.

g) Non poderán obter a condición de entidade colaboradora aquelas en que conorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. Formularios.

Apróbanse e incorpóranse o seguinte formulario e modelo de convenio de colaboración como anexos ás presentes bases reguladoras:

– Anexo II: Solicitud de adhesión de entidades colaboradoras.

– Anexo III: Convenio de colaboración para subscribir coas entidades colaboradoras.

3. Obrigas e compromisos das entidades colaboradoras.

a) Son obrigas das entidades colaboradoras, sen prexuízo do disposto no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

1º. Encontrarse ao día no pagamento das obrigas coa Facenda pública do Estado, da Administración autonómica, así como coa Seguridade Social.

2º. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos órganos competentes da Administración autonómica, estatal e comunitaria no exercicio das súas funcións.

3º. Cumprir cos criterios establecidos no convenio suscrito co Inega.

4º. Actuar en nome e por conta do Inega para todos os efectos relacionados coa subvención, colaborando na xestión das subvencións.

5º. Conservar os xustificantes orixinais e o resto da documentación relacionada coa axuda durante un período de dous anos desde a súa concesión.

6º. Remitir copia dixitalizada da dita documentación ao Inega.

7º. Deixar clara constancia nos seus rexistros contables e así facilitar a axeitada xustificación da subvención e a comprobación do cumprimento das condicións establecidas,



de acordo co disposto no artigo 13.2.j) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) As entidades colaboradoras adheridas asumirán os seguintes compromisos:

1º. Comprobación inicial dos requisitos dos solicitantes da axuda, e do conxunto da actuación.

2º. Cubrir convenientemente os formularios de solicitude de axuda (anexo IV) a través da aplicación informática que se habilite para o efecto.

3º. Vender no marco da iniciativa só os equipamentos que cumpran coas condicións establecidas nas bases reguladoras das axudas.

4º. Aplicar os descontos correspondentes á subvención conforme o establecido nas bases, o cal se reflectirá adecuadamente na correspondente factura.

5º. Cumprir coa normativa establecida para o desenvolvemento da convocatoria.

6º. Exhibir nos seus centros de traballo ou puntos de venda durante a vixencia do Plan galego de transición a unha mobilidade eficiente un cartel de promoción deste en que se informe de que se trata dunha entidade colaboradora adherida conforme o modelo que se porá ao dispor na páxina web do Inega.

4. Adhesión de entidades colaboradoras.

a) Adhesión simplificada.

1º. Esta forma de adhesión está unicamente dirixida ás entidades colaboradoras adheridas ao procedemento de xestión das axudas correspondentes ao Plan de transición a unha mobilidade eficiente 2020, regulado na Resolución do 30 de decembro de 2019 (DOG núm. 21, do 31 de xaneiro de 2020) e que desexen adherirse aos procedementos de xestión das axudas correspondentes ao Plan de transición a unha mobilidade eficiente 2022.

2º. A entidade colaboradora deberá acceder á aplicación informática dispoñible na páxina web do Inega (<http://www.inega.gal>) ou accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) para cubrir a solicitude de adhesión (anexo II) e o convenio de colaboración (anexo III), e xerarse un documento en formato pdf con estes dous anexos.



Por defecto a aplicación informática cubrirá os anexos cos datos dispoñibles da convocatoria das axudas correspondentes ao Plan de transición a unha mobilidade eficiente 2020.

Para acceder á aplicación informática e solicitar a adhesión simplificada, utilizará o usuario e o contrasinal outorgados polo Inega na convocatoria 2020.

Unha vez xerada a solicitude normalizada (anexo II) e o convenio de colaboración (anexo III), deberá presentalos por vía electrónica de conformidade co establecido.

3º. Se houber cambio na representación da entidade colaboradora, deberá volverse achegar a documentación solicitada con carácter xeral. Para todas as solicitudes simplificadas o Inega poderá proceder á comprobación de datos recollida na adhesión común que se regula a seguir. Se, como consecuencia destas comprobacións, procede solicitar a emenda de documentación, realizarase nos termos recollidos no citado procedemento de adhesión común.

b) Adhesión común (alta novas entidades colaboradoras).

1º. A primeira vez que a entidade colaboradora acceda á aplicación asignarase un usuario e un contrasinal. Este usuario e contrasinal serán os válidos para consultar o estado da solicitude de adhesión, para cubrir as solicitudes de axuda e para ver o seu estado.

2º. A entidade colaboradora deberá acceder á aplicación informática dispoñible na páxina web do Inega (<http://www.inega.gal>) ou accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) para cubrir a solicitude de adhesión (anexo II) e o convenio de colaboración (anexo III), xerarase un documento en formato pdf con estes dous anexos.

Unha vez xerada a solicitude normalizada (anexo II), deberá presentala por vía electrónica de conformidade co establecido. As copias dos documentos dixitalizados gozarán da mesma validez e eficacia que os orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.



A publicación dos formularios de solicitude no DOG farase unicamente para os efectos informativos.

3º. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- i. Documento acreditativo de poder suficiente do representante legal da entidade.
- ii. Convenio de colaboración (anexo III) debidamente asinado pola entidade colaboradora.

Unha vez asinado polo Inega, a entidade colaboradora poderá acceder ao citado convenio no taboleiro.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recollidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideren obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

4º. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se a entidade interesada presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola entidade interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Sempre que se realice a presentación de documentación separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se dispón del.



5º. No caso de que algún dos documentos que se vaian presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos (10 MB) ou teña un formato non admitido, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior.

c) Comprobación de datos.

1º. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

i. NIF da entidade solicitante cando sexa unha persoa xurídica.

ii. DNI/NIE da persoa solicitante cando sexa unha persoa física.

iii. DNI/NIE da persoa representante.

iv. Certificado de estar ao día no pagamento coa AEAT.

v. Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.

vi. Certificado de estar ao día no pagamento coa Facenda autonómica.

vii. Certificación de alta no imposto de actividades económicas cando a entidade colaboradora sexa unha empresa.

2º. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3º. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

O Inega poderá consultar respecto das entidades colaboradoras adheridas ao programa MOVES (código de procedemento IN421Q), regulado na Resolución do 31 de agosto



de 2020 (DOG núm. 184, do 10 de setembro) os datos que figuren nos documentos elaborados polas administracións públicas, e que presentasen a solicitude de adhesión ao Plan de transición a unha mobilidade eficiente.

d) Todos os trámites administrativos que as entidades colaboradoras deban realizar despois da presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente a través da aplicación informática habilitada para estas axudas, accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) ou da páxina web do Inega (www.inega.gal).

5. Órganos competentes.

A xerencia do Inega será o órgano competente para a instrución do procedemento administrativo de adhesión de entidades colaboradoras e corresponde á persoa titular da Dirección do Inega ditar as diferentes resolucións que deriven do dito procedemento.

6. Instrución do procedemento de adhesión.

1º. Unha vez presentada a solicitude de adhesión xunto coa documentación complementaria, o órgano instrutor comprobará que reúne todos os requisitos e que se achegan todos os documentos exixidos polas bases reguladoras. De conformidade coa normativa reguladora do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne os requisitos exixidos, requirirase a entidade colaboradora para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia expresa de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición e se arquivará o expediente.

Igual requirimento efectuará o Inega no suposto de resultado negativo da consulta efectuada á Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT); Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS); consellería competente en materia de economía e facenda, rexistro mercantil e outros rexistros públicos.

2º. De conformidade co establecido no artigo 6.1.d) destas bases reguladoras canto á solvencia técnica das entidades colaboradoras, utilizaranse medios electrónicos para as notificacións.

7. Resolución.

O prazo máximo para que a Dirección do Inega resolva sobre as adhesións das entidades colaboradoras é de 15 días hábiles desde a presentación da solicitude. Pasado o



devandito prazo as entidades colaboradoras poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo. A resolución ditarase individualmente para cada unha das solicitudes e notificarase seguindo estritamente a orde de presentación, salvo que se deba emendar, momento en que se terá en conta a data de presentación da emenda.

Aqueles expedientes que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán adheridos a este programa.

8. Notificación das resolucións.

a) As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

b) De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás entidades colaboradoras avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude de adhesión. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

c) De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia, Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar que as persoas interesadas cumpren a obriga de relacionarse por medios electrónicos.

d) As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen 10 días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

e) Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo.



f) As entidades colaboradoras poderán consultar na aplicación informática e na carpeta cidadá-A miña sede, accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>), o estado das súas solicitudes a medida que avanza a tramitación administrativa do expediente e a documentación presentada.

9. Publicación da listaxe de entidades colaboradoras adheridas.

1º. O Inega publicará na súa páxina web a listaxe de entidades colaboradoras adheridas a medida que resolva o proceso de adhesión. A listaxe actualizarase periodicamente coas novas entidades colaboradoras solicitantes que despois do requirimento de emenda completen a documentación necesaria para formalizar a adhesión.

As entidades colaboradoras non serán publicadas na páxina web do Inega nin poderán tramitar solicitudes de axuda ata que completen o proceso de adhesión aínda que, eventualmente, xa comezase o prazo establecido no artigo 4.4 da convocatoria.

Artigo 7. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser persoas beneficiarias das subvencións, sen prexuízo de reuniren os demais requisitos establecidos nestas bases, os suxeitos que se enumeran a seguir:

a) As persoas físicas con residencia habitual no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) As empresas legalmente constituídas e os empresarios autónomos que teñan domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia.

2. Non serán persoas beneficiarias destas axudas:

a) Non poderán ser destinatarios últimos das axudas os concesionarios ou puntos de venda cuxa epígrafe da sección primeira das tarifas do imposto sobre actividades económicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1175/1990, do 28 de setembro, sexa o 615.1 ou 654.1.

b) Non poderán ter a condición de beneficiarias as persoas ou entidades en que conorra algunha das circunstancias previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



c) As empresas en crise están excluídas, excepto cando se trate de réximes de axudas destinados a reparar os prexuízos causados por determinados desastres naturais.

d) Non poderán ter a condición de persoa beneficiaria as empresas en que conorra algunha das causas de exclusión previstas no artigo 1 do Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo a aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*, no artigo 1 do Regulamento (UE) nº 1408/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo a aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola, e no artigo 1 do Regulamento (UE) núm. 717/2014 da Comisión, do 27 de xullo de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura.

3. Os requisitos para obter a condición de persoa beneficiaria deberanse cumprir, o máis tardar, na data límite de remate do prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 8. *Obrigas das persoas beneficiarias*

Son obrigas das persoas beneficiarias as establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en particular, as seguintes:

a) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos órganos competentes da administración autonómica, estatal e comunitaria no exercicio das súas funcións.

b) Xustificar ante o Inega a través da entidade colaboradora, cando proceda, que cumpre cos requisitos ou condicións que determinan a concesión da axuda, no prazo sinalado na convocatoria ou, excepcionalmente, o que se sinala na resolución, cando esta sexa consecuencia da estimación dun recurso.

c) Acreditar ante o Inega a través da entidade colaboradora, no momento de presentar a solicitude da axuda, que está ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

d) Realizar o pagamento das facturas antes da data en que deban presentarse ante o Inega. Este pagamento debe estar debidamente documentado mediante xustificante bancario, tal e como se establece no artigo 15 destas bases reguladoras.



e) Cando non poida executar o proxecto, deberá desistir da súa solicitude.

f) O beneficiario está obrigado a respectar o destino do investimento, polo menos, os dous (2) anos posteriores á data da resolución de pagamento final, salvo que existan prazos de maior amplitude aplicables no ámbito da Xunta de Galicia para proxectos determinados, caso en que se aplicarán estes.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

j) Toda referencia ás actuacións subvencionadas en publicacións, actividades de difusión, páxinas web e, en xeral, calquera medio de difusión deberán incluír o símbolo e logotipo da Xunta de Galicia e do Inega, en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Artigo 9. *Contía máxima das axudas que se outorgarán coa convocatoria*

1. Na seguinte táboa especificase a axuda máxima en función do tipo de proxecto definidos no artigo 3:

Tipo de proxecto	Axuda Inega (€)	Axuda adicional familias numerosas (€)	Desconto concesionario (€)	Total (€)(*)
Tipo 1	3.000,00	600,00	1.000,00	4.000,00/4.600,00
Tipo 2	2.000,00	400,00	1.000,00	3.000,00/3.400,00
Tipo 3	2.000,00	400,00	1.000,00	3.000,00/3.400,00

(*) A segunda cantidade é exclusiva para solicitantes que formen parte dunha familia numerosa, para os cales a axuda do Inega se incrementa un 20 %.

O aforro por vehículo do Plan de transición a unha mobilidade eficiente corresponderá unha parte á axuda pública e outra a un desconto antes de impostos asumido polo fabricante/importador ou punto de venda. En ningún caso a contía da axuda poderá ser superior ao custo da actuación que se define como o custo do vehículo sen incluír a axuda pública.



2. Deberase garantir que para as empresas beneficiarias doutras axudas baixo o réxime *de minimis* non superan o límite de 200.000,00 € nun período de tres exercicios fiscais. Para as empresas do sector transporte de mercadorías por estrada este límite redúcese a 100.000,00 €. Para as empresas do sector da pesca as axudas *de minimis* totais que se concedan a unha mesma empresa non poderán superar os 30.000,00 € durante calquera período de tres exercicios fiscais. Para as empresas do sector agrícola o límite *de minimis* redúcese a 20.000,00 € durante calquera período de tres exercicios.

Artigo 10. *Forma de presentación de solicitudes (procedemento IN421U)*

1. As solicitudes serán subscritas directamente polas entidades colaboradoras.

Na páxina web do Inega (www.inega.gal) estará dispoñible unha listaxe de entidades colaboradoras adheridas a esta convocatoria de axudas.

2. A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario electrónico normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, e na páxina web do Inega, www.inega.gal, de conformidade ao establecido no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Para o acceso á aplicación de presentación das solicitudes será necesario o número do NIF e o contrasinal determinado polas entidades colaboradoras.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das entidades interesadas presenta a solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que foi realizada a emenda.

A aplicación solicitará a inclusión da documentación necesaria e xerará a solicitude do beneficiario.

3. A solicitude (anexo IV) imprímese obrigatoriamente desde a aplicación informática.

A entidade colaboradora presentará telematicamente desde a aplicación a solicitude de axuda unha vez asinada polo representante, mediante o formulario normalizado accesible desde a citada aplicación informática e que se xunta como anexo IV.



A aplicación informática non permitirá a presentación de solicitudes se non se anexa a documentación complementaria indicada no artigo 11 das bases reguladoras.

4. Os fondos solicitados e os vixentes poderán visualizarse en todo momento a través da aplicación informática. Unha vez presentada unha solicitude, a aplicación informática descontará a contía de axuda correspondente ao expediente dos fondos dispoñibles. Por tanto, a axuda máxima a conceder ao expediente estará limitada pola axuda indicada na solicitude inicial.

De chegarse a esgotar os fondos dispoñibles, as seguintes solicitudes presentadas incluíranse nunha listaxe de espera; no momento da presentación, a aplicación informática, informará da posición que ocupa a solicitude na listaxe de espera.

As inadmisións, desistencias, denegacións, renunciacións e minoracións de solicitudes con fondos asignados liberarán fondos que poderán ser reasignados aos expedientes que se atopen en listaxe de espera segundo a orde de prelación que lle corresponda.

5. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

Artigo 11. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Autorización para a representación segundo o anexo V.
- b) Oferta do vehículo que se pretende adquirir.

A oferta deberá conter, como mínimo, os datos identificativos do emisor e do destinatario (razón social, enderezo, e número ou código de identificación fiscal), a data de emisión do documento, o importe por concepto (especificando se inclúe ou non IVE), a marca, o modelo e a versión do vehículo utilizando preferentemente a nomenclatura da base de datos de vehículos do IDAE.

c) Captura da base de datos de vehículos dispoñible de páxina web do IDAE na cal se poida verificar para vehículos N1 e M1 as emisións de CO₂ por quilómetro do modelo seleccionado e adicionalmente no caso de vehículos N1 a MTMA. No caso de información contraditoria ou no caso de non estar dispoñible na páxina web do IDAE, deberase achegar documentación acreditativa do fabricante.



d) As empresas cando non se atopen obrigadas por lei a inscribirse no Rexistro Mercantil ou calquera outro rexistro público, presentarán a documentación acreditativa da constitución e da representación correspondente (non é necesario no caso de que o solicitante sexa unha empresa pública).

1º. Documento que acredite a existencia dun centro de traballo en Galicia ou a realización dalgunha actividade empresarial xustificable dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2º. No caso de empresas públicas, ademais, deberá achegarse certificado do representante legal ou de persoa habilitada onde se acredite a súa condición de empresa pública.

e) Copia do anverso e reverso da ficha técnica (tarxeta ITV) do vehículo que se vai desmantelar.

f) Permiso de circulación do vehículo que se vai desmantelar onde conste a data de primeira matriculación, data de matriculación en España e data de expedición. En ausencia de calquera destes documentos ou do indicado na letra e) anterior, achegarse o informe da Dirección Xeral de Tráfico co historial do vehículo.

g) Xustificante de estar ao día no pagamento do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do vehículo que se vai desmantelar.

h) No caso de que o solicitante non coincida co titular do vehículo que se vai desmantelar, deberá achegarse autorización da persoa titular do vehículo que se vai desmantelar segundo o anexo VII. En concreto, deberá autorizar a consulta ou, no caso de que se opoña presentar a documentación que acredite o seu DNI, os datos de titularidade do vehículo, e o parentesco co solicitante.

O titular que non coincida co beneficiario da axuda ten que autorizar que se realice a solicitude da axuda e ser cónxuxe ou familiar de primeiro grao de consanguinidade ou afinidade do solicitante.

i) Calquera outra documentación adicional que o interesado considere conveniente para a correcta avaliación do proxecto.

Artigo 12. *Forma de presentación da documentación complementaria*

1. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os do-



cumentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recollidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideren obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada que os entregue.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das entidades colaboradoras presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación aquela en que foi realizada a emenda.

As entidades colaboradoras responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. No caso de que algún dos documentos que se vaia de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos (10MB) ou teña un formato non admitido, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior.

4. Todos os trámites administrativos que as entidades colaboradoras deban realizar despois da presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente a través da aplicación informática habilitada para estas axudas, accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) ou da páxina web do Inega (www.inega.gal).

Artigo 13. *Comprobación de datos*

1º. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:



- a) Certificado de alta no imposto de actividades económicas.
- b) Certificacións de estar ao día nas obrigas coa AEAT, Seguridade Social e Facenda autonómica.
- c) DNI ou NIE da persoa solicitante cando sexa unha persoa física, e da persoa titular do vehículo que se vaia desmantelar cando non coincida coa persoa solicitante da axuda.
- d) NIF do solicitante, cando se trate dunha persoa xurídica.
- e) Consulta dos administradores da sociedade, cando se trate dunha persoa xurídica.
- f) DNI/NIE da persoa representante.
- g) NIF da entidade representante.
- h) Certificado de nacemento co Ministerio de Xustiza da persoa titular do vehículo que se vaia desmantelar, coincida esta ou non coa persoa solicitante da axuda.
- i) Certificado de matrimonio co Ministerio de Xustiza da persoa titular do vehículo que se vaia desmantelar, coincida esta ou non coa persoa solicitante da axuda.
- j) Consulta de datos de vehículos coa Dirección Xeral de Tráfico (DXT) da persoa solicitante e da persoa titular do vehículo que se vaia desmantelar cando non coincida coa persoa solicitante da axuda.
- k) Consulta de datos de propietarios de vehículos coa Dirección Xeral de Tráfico (DXT) e da persoa titular do vehículo que se vaia desmantelar, coincida esta ou non coa persoa solicitante da axuda.
- l) Título de familia numerosa.
- m) Inhabilitación para obter subvencións e axudas.
- n) Concesión de subvencións e axudas.
- ñ) Concesións pola regra *de minimis*.



2º. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3º. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 14. *Órganos competentes*

A xerencia do Inega será o órgano competente para a instrución do procedemento administrativo de concesión das subvencións e corresponde á persoa titular da Dirección do Inega ditar as diferentes resolucións que deriven de dito procedemento.

Artigo 15. *Instrución do procedemento de concesión das axudas*

1. Unha vez presentada a solicitude e a correspondente documentación complementaria, se está dispón de fondos reservados, poderase entender como preconcedida e a partir dese momento poderá presentar a documentación xustificativa que se sinala no artigo 16 destas bases reguladoras e solicitar o pagamento mediante a presentación do anexo VI, que se xunta a título informativo. Este anexo deberá cubrirse a través da aplicación informática accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), ou ben desde a páxina web do Inega (<http://www.inega.gal>). As copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade do solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 28.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A aplicación informática non permitirá a presentación de solicitudes de pagamento que non acheguen a documentación xustificativa complementaria indicada no artigo 16.

2. A solicitude de axuda con reserva de fondos será avaliada polos servizos do órgano instrutor do Inega en función dos datos relativos ao solicitante e ao proxecto declarados na solicitude de axuda conxuntamente coa solicitude de pagamento e a documentación xustificativa que debe acompañala.



3. Se a solicitude non reúne algunha da documentación ou información previstas nas bases, requirirase a entidade colaboradora para que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia expresa de que, se así non o fixer, se terá por desistido na súa petición e se arquivará o expediente.

Igual requirimento se efectuará no suposto de resultado negativo da consulta efectuada á Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS), consellería competente en materia de economía e facenda, da verificación do DNI/NIE e datos de vehículos e propietarios na DXT.

Igual requirimento efectuará o Inega no suposto de resultado negativo da consulta de verificación do NIF do solicitante (persoa física).

4. Liberaranse os fondos e pasarán a formar parte do crédito dispoñible se existe constancia da posta á disposición da notificación da emenda, transcorresen dez (10) días naturais sen que se presentase a documentación xustificativa.

5. Poderá requirirse á entidade colaboradora para que achegue aqueles datos, documentos complementarios ou aclaracións que resulten necesarios na tramitación e resolución do procedemento.

6. No suposto de que transcorrese o prazo establecido para a xustificación sen terse presentado documentación ningunha, requirirase igualmente ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez (10) días hábiles a presente.

A presentación da xustificación no prazo adicional de dez (10) días non eximirá das sancións que, conforme a lei, correspondan.

7. Os expedientes administrativos que non cumpran coas exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, serán obxecto de resolución de inadmisión a trámite ou de denegación, dependendo da circunstancia que conorra en cada caso.

Artigo 16. *Documentación xustificativa do investimento*

1. O prazo para presentar os documentos de xustificación remata o 30 de setembro de 2022, e nese momento os investimentos deben estar plenamente realizados, operativos e verificables.



2. Para o cobramento da subvención polo solicitante, a entidade colaboradora deberá presentar toda a documentación que se sinala neste artigo e solicitará o pagamento mediante a presentación do anexo VI, que se xunta a título informativo.

a) Para xustificar cada un dos gastos realizados achegaranse as facturas, nas cales figurará o importe total que pagar, e os documentos xustificativos que aseguren a efectividade do pagamento da totalidade do equipamento polo solicitante:

1º. Declaración do representante legal do concesionario en que se indique o custo total do vehículo, se detallen os pagos recibidos, incluídos os anticipos, e se declare que o vehículo foi aboado na súa totalidade, salvo a axuda que achegará o Inega.

2º. A factura deberá reflectir con claridade os seguintes datos:

i. Data de emisión.

ii. Nome e NIF/NIE do beneficiario.

iii. Base imponible, IVE, total da base imponible máis IVE.

iv. Marca, modelo e versión do vehículo indicando, se for o caso, a correspondencia coa nomenclatura utilizada na base de datos de vehículos do IDAE.

v. Na factura debe figurar de xeito expreso a axuda do Inega co concepto «Axuda do plan galego de mobilidade eficiente financiada polo Inega-Xunta de Galicia» e outro desconto equivalente co concepto «Desconto do plan galego de mobilidade eficiente financiado polo punto de venda» ou descrición equivalente.

vi. Total que ten que pagar o beneficiario (o beneficiario ten que pagar o total menos a axuda do Inega).

Non se admiten as facturas que non cumpran co indicado ou que se manipulen.

A expedición da factura e o seu contido axustarase ao disposto no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación.

3º. Considéranse documentos xustificativos do pagamento das facturas a transferencia bancaria, o xustificante bancario de ingreso de efectivo polo portelo e a certificación bancaria, nos cales deberán estar claramente identificados:



i. Destinatario último: debe quedar acreditado que o pagador é o destinatario final da axuda. Xa sexa mediante un pagamento directo ou mediante un contrato de financiamento.

ii. Receptor do pagamento (empresa ou autónomo).

iii. Número de factura obxecto do pagamento ou marca e modelo do vehículo obxecto da subvención. No caso de financiamento de vehículos deberá achegarse:

– No caso de pagamentos mediante un contrato de financiamento deberase achegar copia do contrato de financiamento.

4º. Non se admitirán os supostos de autofacturación.

5º. En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas nos supostos mencionados nas letras a), b) e c) do artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6º. Non se admitirán como xustificantes os documentos acreditativos de pagamento en metálico por importe superior a 1.000,00 € nin os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria ou non dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade.

b) Ficha técnica (tarxeta ITV) do vehículo adquirido.

c) Permiso de circulación do vehículo adquirido ou permiso de circulación provisional emitido pola Dirección Xeral de Tráfico. Nos casos en que se emita permiso temporal para vehículos cuxa matrícula comece pola letra P, exixirá que se xunte permiso de circulación no prazo de 1 mes.

d) Certificado acreditativo da baixa definitiva do vehículo que se vaia desmantelar emitido polo correspondente centro autorizado de tratamento de vehículos (CAT), en nome da Dirección Xeral de Tráfico ou, na súa falta, informe do Rexistro Xeral de Vehículos da correspondente xefatura provincial de Tráfico, que acredita a baixa definitiva.

3. Todos os pagamentos que realice o comprador deben efectuarse entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2022.

4. No caso dunha factura cuxo pagamento se xustifique mediante varios documentos de pagamento, cada un destes deberá facer referencia á factura a que se imputa o pagamento ou marca e modelo do vehículo obxecto da subvención.



Artigo 17. Resolución de concesión e pagamento

1. Unha vez avaliada a solicitude inicial e a solicitude de pagamento, a proposta de resolución elevarase á persoa titular da dirección do Inega. O procedemento de concesión resolverase no prazo máximo de 3 meses contados desde a data de presentación da solicitude de pagamento, e axustarase ao disposto no artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o contido da resolución.

Se é preciso o envío de requirimento de emenda, os prazos máximos de resolución contabilizaranse desde o momento en que se reciba a contestación ao citado requirimento.

2. A resolución de concesión e pagamento comprenderá a identificación do beneficiario, o investimento e a contía da subvención.

Na resolución denegatoria da axuda farase constar o motivo da denegación.

3. No suposto de ampliación do crédito e ata o límite do crédito dispoñible, concederáse, sen necesidade dunha nova convocatoria, a subvención ao solicitante ou solicitantes seguintes na orde de entrada da solicitude.

4. Se transcorre o prazo sen se ditar resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, de conformidade co artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 18. Notificación

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás entidades colaboradoras avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.



3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as entidades colaboradoras deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia, Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar que as persoas interesadas cumpren a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

Para utilizar os servizos de Notifica.gal deberá dispoñer de un usuario e clave no servizo Chave365 ou dun certificado de persoa física ou xurídica asociado ao NIF da persoa destinataria e comprobar que o seu navegador e sistema operativo cumpren os requisitos técnicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. Os interesados poderán consultar na aplicación informática e na carpeta cidadá-A miña sede, accesibles desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) o estado das súas solicitudes a medida que avanza a tramitación administrativa do expediente e a documentación presentada.

Artigo 19. *Pagamento das axudas*

1. Os órganos competentes do Inega poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes. Transcorrido o prazo concedido para o efecto sen que a entidade colaboradora os presentase, poderase entender que desiste da solicitude de subvención.

2. Previamente á proposta de pagamento, e sempre que se trate de subvencións de capital cun importe superior a 60.000,00 euros, os servizos técnicos do Inega realizarán unha inspección de comprobación material en que certifiquen que se realizou o investimento que foi obxecto da axuda e que tal investimento coincide co previsto na resolución de concesión.



3. Unha vez que se dite resolución de concesión e pagamento, o Inega aboará á entidade adherida o importe correspondente na conta bancaria facilitada para tal efecto na solicitude de adhesión.

Artigo 20. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 21. *Réxime de recursos*

Contra as resolucións ditadas ao abeiro destas bases poderán interperse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que considere procedente:

1. Recurso de alzada no prazo dun mes desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo, perante o presidente da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Contra as resolucións de reintegro, recurso de reposición no prazo dun mes desde o día seguinte ao da notificación da resolución se esta for expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo, perante o director da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Artigo 22. *Modificación da resolución de concesión*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a resolución de concesión e o pagamento da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 23. *Aceptación e renuncia*

No caso de que o beneficiario dunha subvención desexe renunciar á axuda concedida para a súa solicitude, deberá comunicalo ao Inega, a través da entidade colaboradora.

No caso de que se comunicase a renuncia, ditarase a correspondente resolución, que se notificará de conformidade co procedemento establecido no artigo 18 destas bases reguladoras.

Artigo 24. *Prazo de execución e xustificación da actuación*

A data límite para executar o proxecto e presentar a solicitude de pagamento e a documentación xustificativa dos investimentos será o 30 de setembro de 2022.

Artigo 25. *Reintegro de subvencións e réxime de sancións*

1. O Inega reserva para si o dereito a realizar cantas comprobacións, inspeccións e demais medidas de control que estimen oportunas para velar pola correcta aplicación dos recursos públicos, e as persoas beneficiarias someteranse ás actuacións de control que realice o Inega para o seguimento dos proxectos aprobados e as de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Se no curso destas verificacións se detectar que as persoas beneficiarias da subvencións ou as entidades colaboradoras adheridas incumpriron algunha das condicións establecidas nestas bases reguladoras, resolverase a adhesión, o que implicará a perda dos beneficios e, se for o caso, a obriga de reintegrar as cantidades obtidas indebidamente cos xuros legais que correspondan, sen prexuízo das accións legais e sancións que correspondan.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o número anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



3. As entidades colaboradoras e as persoas beneficiarias das subvencións, de ser o caso, estarán suxeitas ao réxime sancionador previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e desenvolviso no título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007.

Artigo 26. *Publicidade*

1. De conformidade co artigo 17.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, o Inega publicará as subvencións concedidas ao abeiro destas bases na súa páxina web oficial (www.inega.gal) e no *Diario Oficial de Galicia* expresando a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas. Incluirá igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, poidan impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude levará implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

2. En cumprimento do artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación de acordo co establecido no Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de datos nacional de subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas.

Artigo 27. *Normativa de aplicación*

1. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
6. Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.




**XUNTA
DE GALICIA**

 VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

ANEXO II

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
ADHESIÓN PARA A XESTIÓN DE SUBVENCIÓNS DO PLAN DE TRANSICIÓN A UNHA MOBILIDADE EFICIENTE	IN421T	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO 1		TELÉFONO 2		CORREO ELECTRÓNICO			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN

DATOS PARA CONTACTAR			
PERSONA DE CONTACTO			CARGO
CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO MÓBIL	TELÉFONO FIXO	FAX

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:
1. Que coñece o contido da convocatoria destas axudas e do convenio e que cumpre cos requisitos establecidos neles. 2. Que ten o domicilio social ou centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia. 3. Que posúe a solvencia técnica e económica segundo o establecido no artigo 6.1.d) da resolución. 4. Que consente na utilización de medios electrónicos na comunicación entre a entidade colaboradora e o Inega. 5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. 6. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. 7. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. 8. Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á seguridade social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. 9. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.



ANEXO II
 (continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA (continuación):

10. Que se compromete a:
- Comunicar calquera variación que poida acontecer nos datos recollidos nos documentos achegados.
 - Cubrir convenientemente os formularios de solicitude de axuda incorporando os datos á aplicación informática habilitada.
 - Vender no marco da iniciativa só os equipamentos que cumpran coas condicións establecidas na convocatoria de axudas.
 - Facilitar ao Inega tanta información e documentación precise para verificar a correcta aplicación das subvencións.
 - Cumprir coa normativa establecida para o desenvolvemento do plan.
 - Aplicar os descontos correspondentes á subvención conforme o establecido nas bases, o cal se reflectirá adecuadamente na correspondente factura.
 - Exhibir durante a vixencia do plan un cartel de promoción deste en que se informe de que se trata dunha entidade colaboradora adherida.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE
 Convenio de colaboración debidamente asinado pola entidade colaboradora (ANEXO III).

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Documento acreditativo de poder suficiente da persoa representante legal da entidade.			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

DNI/NIE da persoa solicitante	o	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante	o	
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	o	AUTORIZO A CONSULTA
Certificado de estar ao día no pagamento coa Facenda autonómica	o	
SENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS		
A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.		
NIF da entidade solicitante	o Si o Non	
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	o Si o Non	
Certificado de alta no imposto de actividades económicas	o Si o Non	

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Instituto Enerxético de Galicia (Inega).
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poden solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se for o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos



**XUNTA
DE GALICIA**VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓNANEXO II
(continuación)**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Resolución do 25 de novembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, relativas ao Plan de transición a unha mobilidade eficiente, así como a selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á convocatoria para a anualidade 2022 (códigos de procedemento IN421T e IN421U).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de



Xacobeo 21-22

Instituto Enerxético de Galicia



ANEXO III

Convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e a entidade colaboradora... para a xestión das subvencións do Plan de transición a unha mobilidade eficiente para a anualidade 2022

Santiago de Compostela, ... de... de...

Dunha parte, a directora do Inega, en virtude das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire o artigo 16 do Decreto 142/2016, do 22 de setembro, polo que se modifican as normas reguladoras do Instituto Enerxético de Galicia e se aproban os estatutos da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (DOG núm. 212, do 8 de novembro) e polo Acordo do Consello da Xunta, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado mediante Resolución do 8 de abril de 1991, da Consellería de Economía e Facenda.

Da outra parte..., con NIF..., actuando en nome e representación da entidade... con NIF/CIF..., debidamente facultado para subscribir este convenio,

EXPOÑEN:

I. Que o Inega acordou realizar unha selección de entidades colaboradoras para a tramitación das axudas relativas ao Plan de transición a unha mobilidade eficiente, estas entidades colaboradoras actuarán de ligazón entre o Inega e os beneficiarios das axudas que se convoquen para a actuación consistente na adquisición, durante o ano 2021-2022, de vehículos de transición a unha mobilidade eficiente.

II. Que ambas as partes consideran que, por razóns de eficacia na xestión e co fin de conseguir unha mellor prestación de servizos aos beneficiarios das axudas, e de conformidade cos artigos 9 e 13 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, acordan subscribir o presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes estipulacións:

Primeira. *Obxecto da colaboración*

O obxecto deste convenio consiste en establecer un marco de colaboración entre o Inega e a entidade... de acordo coa Resolución do 25 de novembro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras e se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Plan de transición a unha mobilidade eficiente para a anualidade 2022 (*Diario Oficial de Galicia* núm. ..., de... de... de 2021).



Segunda. Entidade colaboradora

A entidade... é unha entidade colaboradora que cumpre co establecido no artigo 6.1 e 6.3 das bases reguladoras do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Plan de transición a unha mobilidade eficiente para a anualidade 2022(código do procedemento IN421T) (en diante bases reguladoras das axudas), que acredita o cumprimento dos requisitos e as condicións de solvencia económica e técnica previstas na mencionada resolución.

Terceira. Prazo de duración

Este convenio terá vixencia atao 15 de decembro de 2022.

Cuarta. Obrigas da entidade colaboradora

A entidade colaboradora obrígase, ademais de ao establecido no artigo 6.3.a) da convocatoria das axudas, sen prexuízo do disposto no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao seguinte:

- Asumir a tramitación e xestión ante o Inega das axudas dos beneficiarios.
- Comprobar e certificar o cumprimento das condicións ou requisitos establecidos na convocatoria das axudas para que os solicitantes obteñan a condición de beneficiario, así como, a idoneidade da documentación que se lles exige para a percepción da subvención.
- Presentar as solicitudes das axudas dos beneficiarios e a documentación xustificativa do desenvolvemento das actuacións tal e como se recolle na convocatoria das axudas.
- Vender ao solicitante da axuda no marco da iniciativa só os vehículos que cumpran coas condicións establecidas na convocatoria de axudas.
- Comunicar ao Inega calquera variación que se produza nos datos inicialmente indicados para adherirse a este convenio, garantindo a confidencialidade dos datos fornecidos.
- Cumprir coas normas sobre a protección de datos, concretamente o que establece a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.



– Atoparse sometida ás actuacións de comprobación e control previstas na letra d) do artigo 12 da mencionada Lei 9/2007.

– Atoparse ao día no pagamento das obrigas coa Facenda Pública do Estado, da Administración autonómica e da Seguridade Social.

– Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos órganos competentes da Administración autonómica, estatal e comunitaria no exercicio das súas funcións.

– Conservar os xustificantes orixinais e o resto da documentación relacionada coa axuda durante un período de dous anos desde a concesión.

– Aplicar os descontos correspondentes á subvención conforme o establecido nas bases, o cal se reflectirá adecuadamente na correspondente factura.

– Exhibir no seu centro de traballo ou punto de venda durante a vixencia do Plan galego de transición a unha mobilidade eficiente un cartel de promoción deste en que se informe de que se trata dunha entidade colaboradora adherida, conforme o modelo que se porá ao dispor na páxina web do Inega.

Quinta. *Compromisos da entidade colaboradora*

Ademais dos compromisos establecidos no artigo 6.3.b) da convocatoria das axudas, a entidade colaboradora comprométese a:

– Coñecer o contido das bases reguladoras destas axudas e deste convenio e cumprir cos requisitos establecidos neles.

– Que ten o domicilio social ou centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.

– Que posúe a solvencia técnica e económica segundo o establecido no artigo 6.1.d) da resolución.

– Que consente expresamente na utilización de medios electrónicos na comunicación entre as entidades colaboradoras e o Inega segundo o establecido no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



– Que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de entidade colaboradora recollidas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

– Que comunicará ao Inega calquera variación que poida ocorrer nos datos recolleitos nos documentos presentados.

– Que autoriza o órgano xestor para que solicite a información necesaria en relación co NIF da entidade colaboradora. De non dar a autorización para a comprobación mencionada, deberá presentar copia do NIF da entidade colaboradora (non do representante legal).

– Que autoriza o órgano xestor para que solicite a información necesaria para coñecer se o solicitante da adhesión está ao día nas súas obrigacións coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Tesouraría da Seguridade Social e coa Facenda da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. De non dar a autorización para a comprobación mencionada anteriormente, deberá presentar certificación xustificativa de estar ao día nas súas obrigacións cos organismos sinalados anteriormente.

Sexta. Obrigas do Inega

– Facilitar á entidade colaboradora toda a información e documentación normalizada que precise durante a tramitación da convocatoria de axudas.

– Dispoñer na páxina web do Inega (www.inega.gal) unha listaxe de entidades colaboradoras adheridas ao programa.

– Manter informada en todo momento e comunicar á entidade colaboradora o estado de tramitación das axudas.

Sétima. Xustificación dos requisitos dos beneficiarios

A xustificación polos beneficiarios das condicións establecidas para o outorgamento das subvencións correspondentes realizarase no momento da solicitude.

A entidade colaboradora atópase obrigada a requirir aos beneficiarios a documentación establecida na convocatoria das axudas, así como a comprobala e a gardala durante un período de dous anos desde a concesión da axuda.



Oitava. Rexistro especial de operacións

A entidade colaboradora, para facilitar a xustificación da subvención e a comprobación do cumprimento das condicións establecidas na convocatoria das axudas, levará un rexistro especial das operacións que se realicen dentro de cada convocatoria de axudas, que estará ao dispor do Inega e demais órganos fiscalizadores da Comunidade Autónoma de Galicia e do Estado.

Neste rexistro gardarase unha copia da documentación xustificativa das operacións rexistradas, así como da documentación que lle entreguen os beneficiarios.

Novena. Requisitos da entidade e dos beneficiarios

Os requisitos que debe cumprir e facer cumprir a entidade colaboradora nas diferentes fases do procedemento de xestión das subvencións son os que se especifican nos artigos 6.1 e 6.3 das bases reguladoras das axudas.

Décima. Xustificación das subvencións

Os beneficiarios xustificarán as subvencións, a través da entidade colaboradora, nos prazos e na forma prevista no artigo 16 das bases reguladoras das axudas.

Décimo primeira. Causas de resolución

Son causas de resolución de este convenio entre o Inega e a entidade colaboradora o incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións contidas nas súas cláusulas, no articulado das bases reguladoras das axudas, sen prexuízo da tramitación dos compromisos adquiridos con anterioridade sobre expedientes en curso, así como a falsidade ou inexactitude nos datos e documentos presentados polas entidades colaboradoras.

Décimo segunda. Incumprimento

Se no curso das verificacións que realizará o Inega, se detectar que a entidade colaboradora incumpre algunha das condicións establecidas na normativa de aplicación, resolveuse a adhesión, o que implicará a perda dos beneficios.

Décimo terceira. Natureza administrativa

O presente convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público; sen prexuízo da aplicación



dos principios e criterios da devandita lei para resolver as dúbidas ou lagoas que puideren presentar. Rexeráse polas súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo. As dúbidas que poidan xurdir en relación coa interpretación e cumprimento do convenio resolveráse de común acordo, sen prexuízo da competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Décimo cuarta. *Normativa reguladora especial*

Para todo o non previsto neste convenio, observarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares; na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como no resto das normas xerais do procedemento administrativo.

(Sinatura)

(Sinatura)

A directora do Inega
Paula María Uría Traba

Pola entidade colaboradora,
Representante legal de...




**XUNTA
DE GALICIA**

 VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

ANEXO IV

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
SUBVENCIONS PLAN DE TRANSICIÓN A UNHA MOBILIDADE EFICIENTE	IN421U	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO 1	TELÉFONO 1	CORREO ELECTRÓNICO					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	
SEGUNDO APELIDO		NIF	

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365 Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

ENTIDADE COLABORADORA	
CÓDIGO ASIGNADO POLO INEGA NA ADHESIÓN	TELÉFONO
NOME DA ENTIDADE COLABORADORA	NIF

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO	
NATUREZA XURÍDICA DA PERSOA SOLICITANTE	
<input type="checkbox"/> Persoa física maior de idade Trátase dunha familia numerosa: SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> Profesionais autónomos <input type="checkbox"/> Empresa	

DATOS DO PROXECTO							
TÍTULO DO PROXECTO							
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					




XUNTA DE GALICIA

 VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
 EMPRESA E INNOVACIÓN

ANEXO IV
 (continuación)

TIPOLOXÍA DO PROXECTO

- ADQUISICIÓN DE TURISMO Tipo 1 (Turismos (M1) con emisións iguais ou inferiores a 120 g CO₂/km segundo a base de datos de vehículos do IDAE)
 ADQUISICIÓN DE TURISMO Tipo 2 (Turismos (M1) con emisións iguais ou inferiores a 135 g CO₂/km segundo a base de datos de vehículos do IDAE)
 ADQUISICIÓN DE FURGONETA (Furgonetas (N1)) con emisións iguais ou inferiores a 120 g CO₂/km no caso de vehículos con MTMA < 2.500 kg ou cunhas emisións inferiores ou iguais a 185 g CO₂/km no caso de vehículos con MTMA ≥ 2.500 kg segundo a base de datos de vehículos do IDAE

Turismos M1: Vehículos de motor con polo menos catro rodas deseñados e fabricados para o transporte de pasaxeiros, que teñan, ademais do asento do condutor, oito prazas como máximo.

Furgonetas ou camiións lixeiros N1: Vehículos de motor concibidos e fabricados principalmente para o transporte de mercadorías e cuxa masa máxima en carga tecnicamente admisible (MTMA) non supere as 3,5 toneladas.

DENOMINACIÓN E CUSTO DO VEHÍCULO QUE SE VAI ADQUIRIR:

En cada solicitude poderá incluírse un único vehículo. Establécese un límite máximo de 10 vehículos por persoa destinataria última salvo para persoas físicas, que terán un límite dun único vehículo por persoa destinataria.

MOTORIZACIÓN (1)	
MARCA	
MODELO	
VERSIÓN	
Clasificación enerxética do vehículo (campo non obrigatorio)	
Emisións de gramos de CO ₂ /km segundo a base de datos de vehículos do IDAE (valor máximo)	
Consumo en l/100 km segundo a base de datos de vehículos do IDAE (valor máximo)	
Prezo do vehículo antes dos descontos (sen IVE) (A)	
Desconto do concesionario (€)(B)	
BASE IMPONIBLE (€) (C) =(A)-(B)	
Porcentaxe de IVE (%) (D)	
IVE (€) (E)= (C) x (D)	
Outros impostos (F)	
Custo total do vehículo (G) = (C)+(E)+(F)	
Axuda Inega (€) (H1) (3.000 € para vehículos Tipo 1 ou 2.000 € para vehículo Tipo 2 ou Tipo 3)	
Complemento por familia numerosa (€) (H2) (a persoa adquirente forma parte dunha familia numerosa 600 € para vehículos Tipo 1 ou 400 € para vehículo Tipo 2 ou Tipo 3)	
Axuda total do Inega (€) (H) = (H1) + (H2)	
Importe que pagará o cliente (I) =(G)-(H)	

(1) MOTORIZACIÓN DO VEHÍCULO SEGUNDO A BASE DE DATOS DE VEHÍCULOS DO IDAE

- Gasóleo
- Gasolina
- Híbrido de gasóleo
- Híbrido de gasolina
- Gases licuados de petróleo (GLP)
- Gas natural
- Eléctricos puros
- Autonomía estendida
- Híbridos enchufables
- Pila de combustible
- Bioetanol

IDENTIFICACIÓN DO VEHÍCULO QUE SE VAI DESMANTELAR

MOTORIZACIÓN	
MARCA DO VEHÍCULO	
MODELO DO VEHÍCULO	
VERSIÓN DO VEHÍCULO	
MATRÍCULA DO VEHÍCULO	
CATEGORÍA (M1 ou N1)	
DATA DE PRIMEIRA MATRICULACIÓN	
QUILOMETRAXE DO VEHÍCULO (l/100 km)	
CONSUMO DO VEHÍCULO (l/100 km)	
DATA DE PAGAMENTO DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA :	
TITULAR DO VEHÍCULO	DATA DESDE QUE A PERSOA TITULAR TEN A TITULARIDADE
Se a persoa titular do vehículo que se vai desmantelar non coincide coa persoa solicitante indique o parentesco(2):	

(2) Os parentescos aceptados son: cónxuxe, pai, nai, fillo/a, sogro, sogra, xenro ou nora




**XUNTA
DE GALICIA**

 VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

**ANEXO IV
(continuación)**
A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:
1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para o mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
- Si solicitou ou se lle concederon outras axudas para o mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

2. Que en relación coas axudas de minimis:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda de minimis.
- Si solicitou ou lle concederon axudas de minimis, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime de minimis doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Non estar incursa en ningunha das circunstancias previstas non artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Non estar incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
7. Que o proxecto para o cal solicita a axuda está sito na Comunidade Autónoma de Galicia.
8. Que os investimentos para os cales solicita axuda non foron iniciados nin contratados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2022.
9. Que a persoa física ou entidade solicitante cumprirá a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións.
10. Que a persoa física ou entidade solicitante asumirá a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude.
11. Que non poida ser considerada unha empresa en crise conforme o disposto non artigo 2.18 do Regulamento (UE) 651/2014, do 17 de xuño, da Comisión.
12. Que non se trata dunha empresa suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión Europea que tivese declarado unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.
13. Manter un sistema de contabilidade separada ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais de contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría.
14. Conservar toda a documentación relativa a esta subvención durante un período de tres (3) anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas en que estean incluídos os gastos da operación.
15. Respetar o destino do investimento, polo menos, os dous (2) anos posteriores á data da resolución de pagamento final.
16. Realizar o pagamento das facturas antes da data en que deban presentarse ante o Inega.
17. Estar ao día nas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.



DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE		
<input type="checkbox"/>	Autorización para a representación segundo o anexo V.	
<input type="checkbox"/>	Presentación da oferta do vehículo que se pretende adquirir.	
<input type="checkbox"/>	Captura da base de datos de vehículos dispoñible de páxina web do IDAE na cal se poidan verificar para vehículos N1 e M1 as emisións de CO ₂ por quilómetro do modelo seleccionado (NEDC) e adicionalmente no caso de vehículos N1 a MTMA. No caso de información contradictoria ou non estar dispoñible na páxina web do IDAE deberase achegar documentación acreditativa do fabricante.	
<input type="checkbox"/>	As empresas cando non se atopen obrigadas por lei a inscribirse no Rexistro Mercantil ou calquera outro rexistro público presentarán a documentación acreditativa da constitución e da representación correspondente. (Non é necesario no caso de que a persoa solicitante sexa unha empresa pública).	
<input type="checkbox"/>	Copia do anverso e reverso da ficha técnica (tarxeta ITV) do vehículo que se vai desmantelar.	
<input type="checkbox"/>	Permiso de circulación do vehículo onde conste a data de primeira matriculación, data de matriculación en España e data de expedición. En ausencia de calquera deste documento ou do indicado na letra e) anterior, achegarse o informe da Dirección Xeral de Tráfico co historial do vehículo.	
<input type="checkbox"/>	Xustificante de estar ao día no pagamento do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.	
<input type="checkbox"/>	Cando a persoa solicitante non coincida coa persoa titular do vehículo que se vai desmantelar deberá achegarse autorización da persoa titular do vehículo que se vai desmantelar segundo o anexo VII.	
<input type="checkbox"/>	Calquera outra documentación adicional que a persoa interesada considere conveniente para a correcta avaliación do proxecto.	
	ÓRGANO	CÓD. PROC.
		ANO
<input type="checkbox"/>	Documento que acredite a existencia dun centro de traballo en Galicia ou a realización dalgũa actividade empresarial xustificable dentro do territorio da comunidade autónoma de Galicia.	
<input type="checkbox"/>	Nas empresas públicas ademais deberá achegarse certificado da persoa representante legal ou de persoa habilitada onde se acredite a súa condición de empresa pública.	
COMPROBACIÓN DE DATOS		OPÓÑOME Á CONSULTA
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos		
DNI/NIE da persoa solicitante		o
DNI/NIE da persoa representante		o
Certificación de estar ao día nas obrigas coa Seguridade Social		o
Certificación de estar ao día nas obrigas coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia		o
Administradores da sociedade, cando se trate dunha persoa xurídica		o
Certificado de nacemento co Ministerio de Xustiza da persoa titular do vehículo que se vai desmantelar cando coincida coa persoa solicitante da axuda		o
Certificado de matrimonio co Ministerio de Xustiza da persoa titular do vehículo que se vai desmantelar cando coincida coa persoa solicitante da axuda		o
Inhabilitación para obter subvencións e axudas		o
Concesión de subvencións e axudas		o
Concesións pola regra de <i>minimis</i>		o
MARQUE O CADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN		
<input type="checkbox"/> Título de familia numerosa		o
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS		AUTORIZO A CONSULTA
A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta deberá achegar o documento correspondente.		
NIF da entidade solicitante		o Si o Non
NIF da entidade representante		o Si o Non
Certificado de alta no imposto de actividades económicas		o Si o Non
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT		o Si o Non
Consulta de datos de vehículos coa Dirección Xeral de Tráfico (DXT) da persoa solicitante		o Si o Non
Consulta de datos de propietarios de vehículos coa Dirección Xeral de Tráfico (DXT) e da persoa titular do vehículo que se vai desmantelar cando coincida coa persoa solicitante		o Si o Non



ANEXO IV
 (continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Instituto Enerxético de Galicia (Inega).
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se for o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 25 de novembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, relativas ao Plan de transición a unha mobilidade eficiente, así como a selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á convocatoria para a anualidade 2022 (códigos de procedemento IN421T e IN421U).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de



Xacobeo 21-22

Instituto Enerxético de Galicia



ANEXO V
AUTORIZACIÓN PARA A REPRESENTACIÓN
IN421U-SUBVENCIÓNS PLAN DE TRANSICIÓN A UNHA MOBILIDADE EFICIENTE

DATOS DA PERSOA OUTORGANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
TELÉFONO 1		TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO

AUTORIZO A:			
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO


Para que en relación co procedemento IN421U exerza as seguintes facultades: facilitar a práctica de cantas actuacións sexan precisas para a instrución do expediente, achegar cantos datos e documentos se soliciten ou sexan de interese, recibir todo tipo de comunicacións, formular peticións e solicitudes, presentar escritos e alegacións, manifestar a súa decisión de non efectuar alegacións nin achegar novos documentos no correspondente trámite de audiencia ou renunciar a outros dereitos, subscribir dilixencias e outros documentos que poida realizar o órgano competente e, en xeral, realizar cantas actuacións correspondan a/aos representado/s no curso do devandito procedemento.

ACEPTACIÓN DA REPRESENTACIÓN

Coa sinatura do presente escrito a persoa representante acepta a representación conferida e responde da autenticidade da sinatura da persoa outorgante.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Instituto Enerxético de Galicia (Inega).
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se for o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

SINATURA DA PERSOA OUTORGANTE OU REPRESENTANTE	SINATURA DA PERSOA AUTORIZADA OU REPRESENTANTE
Lugar e data	
, de de	de

 Xacobeo 21-22
--

Instituto Enerxético de Galicia




**XUNTA
DE GALICIA**

 VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

ANEXO VI

**SOLICITUDE DE PAGAMENTO
IN421U-SUBVENCIONS PLAN DE TRANSICIÓN A UNHA MOBILIDADE EFICIENTE**

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
ENTIDADE COLABORADORA			
CÓDIGO ASIGNADO POLO INEGA NA ADHESIÓN			TELEFONO
NOME DA ENTIDADE COLABORADORA			NIF

DENOMINACIÓN E CUSTO DO VEHÍCULO ADQUIRIDO	
MOTORIZACIÓN	
MARCA	
MODELO	
VERSIÓN	
MATRICULA	
Clasificación enerxética do vehículo (campo non obrigatorio)	
Emisións de gramos de CO ₂ /km segundo a base de datos de vehículos do IDAE	
Consumo en l/100 km segundo a base de datos de vehículos do IDAE (valor máximo)	
Prezo do vehículo antes dos descontos (sen IVE) (A)	
Desconto do concesionario (€)(B)	
BASE IMPONIBLE (€) (C) =(A)-(B)	
Porcentaxe de IVE (%) (D)	
IVE (€) (E)= (C) x (D)	
Outros impostos (F)	
Custo total do vehículo (G) = (C)+ (E)+ (F)	
Axuda Inega (€) (H1) (3.000 € para vehículos Tipo 1 ou 2.000 para vehículo Tipo 2 ou Tipo 3)	
Complemento por familia numerosa (€) (H2) (só a persoa adquirente forma parte dunha familia numerosa 600 € para vehículos Tipo 1 ou 400 para vehículo Tipo 2 ou Tipo 3)	
Axuda total do Inega (€) (H) = (H1) + (H2)	
Importe que pagará o cliente (I) = (G) - (H)	

(Os campos en gris claro recupéranse automaticamente da base de datos e a persoa solicitante debe validalos)

Número de factura	Importe total da factura (sen IVE)	Importe total da factura (con IVE)	Data da factura	Data do pagamento	Pagamento directo ou financiado (1)
	€	€			
	€	€			
	€	€			
	€	€			

(1) Indique "Financiado" se o pagamento da factura o realiza unha entidade financeira, "Directo" se o paga directamente a persoa beneficiaria e "Mixto" se parte o paga a entidade financeira e parte a persoa beneficiaria.




**XUNTA
DE GALICIA**

 VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

ANEXO VI
(continuación)

IDENTIFICACIÓN DO VEHÍCULO DESMANTELADO	
MOTORIZACIÓN	
MARCA DO VEHÍCULO	
MÓDELO DO VEHÍCULO	
VERSIÓN DO VEHÍCULO	
MATRÍCULA DO VEHÍCULO	
CATEGORÍA (M1 ou N1)	
DATA DE PRIMEIRA MATRICULACIÓN	
QUILOMETRAXE DO VEHÍCULO	
CONSUMO DO VEHÍCULO (l/100 km)	
DATA DE PAGAMENTO DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA :	
TITULAR DO VEHÍCULO	DATA DESDE QUE A PERSOA TITULAR TEN A TITULARIDADE
Se a persoa titular do vehículo que se vai desmantelar non coincide coa persoa solicitante indique o parentesco (Os parentescos aceptados son: cónxuxe, pai, nai, fillo/a, sogro, sogra, xenro ou nora):	
DATA DA BAIXA DEFINITIVA DO VEHÍCULO	
Nome do centro autorizado de tratamento de vehículos (CAT) que certifica a baixa do vehículo	

(Os campos en gris claro recupéranse automaticamente da base de datos e a persoa solicitante debe validalos)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

- Ter executado as partidas e importes de proxectos indicadas na presente solicitude de pagamento.
 Que non se recibiu ningunha outra axuda ou subvención para a mesma finalidade.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

- Facturas e xustificantes de pagamento (art. 16.2 e seguintes das bases reguladoras).
 Ficha técnica (tarxeta ITV) do vehículo adquirido.
 Permiso de circulación do vehículo adquirido ou permiso de circulación provisional emitido pola Dirección Xeral de Tráfico. Nos casos en que se emita permiso temporal para vehículos cuxa matrícula comece pola letra P, se exixirá que se xunte permiso de circulación no prazo de 1 mes.
 Certificado acreditativo da baixa definitiva do vehículo que se vai desmantelar, por parte do correspondente centro autorizado de tratamento de vehículos (CAT), en nome da Dirección Xeral de Tráfico ou, na súa falta, informe do Rexistro Xeral de Vehículos da correspondente xefatura provincial de tráfico, que acredita a baixa definitiva.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data			
	,	de	de


Xacobeo 21-22

Instituto Enerxético de Galicia



**AUTORIZACIÓN DA PERSOA TITULAR DO VEHÍCULO QUE SE VAI DESMANTELAR
 IN421U- SUBVENCIONS PLAN DE TRANSICIÓN A UNHA MOBILIDADE EFICIENTE**

ENTIDADE COLABORADORA			
CÓDIGO ASIGNADO POLO INEGA NA ADHESIÓN			TELÉFONO
NOME DA ENTIDADE COLABORADORA			NIF
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
DATOS DA PERSOA TITULAR DO VEHÍCULO QUE SE VAI DESMANTELAR			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

A PERSOA TITULAR DO VEHÍCULO DECLARA:

Que a persoa titular do vehículo que se vai desmantelar cando non coincida co solicitante da axuda, **AUTORIZA** a persoa beneficiaria para que solicite a axuda e **DECLARA** ademais que é conxuxe ou familiar de primeiro grao de consanguinidade ou afinidade do solicitante (Os parentes aceptados son cónxuxe, pai, nai, fillo/a, sogro/a, xenro ou nora).

COMPROBACIÓN DE DATOS Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI ou NIE da persoa titular do vehículo	<input type="radio"/>
Consulta do certificado de nacemento co Ministerio de Xustiza	<input type="radio"/>
Consulta do certificado de matrimonio co Ministerio de Xustiza	<input type="radio"/>
SENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa titular do vehículo que se vai desmantelar autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
Consulta de datos de vehículos coa Dirección Xeral de Tráfico (DXT)	<input type="radio"/> Sí <input type="radio"/> Non
Consulta de datos de propietarios de vehículos coa Dirección Xeral de Tráfico (DXT)	<input type="radio"/> Sí <input type="radio"/> Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Instituto Enerxético de Galicia (Inega)
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se for o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos



**XUNTA
DE GALICIA**VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓNANEXO VII
(continuación)

SINATURA DA PERSOA TITULAR DO VEHÍCULO QUE SE VAI DESMANTELAR		SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE DA AXUDA	
Lugar e data			
	,	de	de



Xacobeo 21-22

Instituto Enerxético de Galicia

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>